

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPONSA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO FEÁS
Promotor	GALENERGY, S.L.U.
Localización	CONCELLOS DE ARANGA E COIRÓS
Expediente	IN408A 2019/09

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

- A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 25/11/2020 e número de rexistro de entrada 2020/1663046, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 30/09/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1814636 a Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación unha reiteración da solicitude de informe.
- Con data 04/03/2022 e número de rexistro 2022/462925 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 11/04/2022 e número de rexistro de entrada 2022/790448, o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral.
- Con data 19/04/2022, a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.

- Con data 13/05/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1036590, o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral de data 19/04/2022.
- Con data 27/09/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1905768, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral de data 03/06/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, polo que se emite informe favorable.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

